

O punto e coma

LEMBRA

Escríbese **punto e coma (;)** nos seguintes casos:

- Para separar os elementos dunha enumeración cando algún deles xa leva coma.
- Diante dos enlaces *malia que*, *aínda que*, *non obstante*, *con todo...* cando introducen oracións extensas.

1 Volve escribir estas oracións introducindo o punto e coma onde sexa necesario.

- Temos a axenda completa: o xoves, teatro o venres, natación e na fin de semana, visita aos avós.

Temos a axenda completa: o xoves, teatro; o venres, natación; e na fin de semana, _____
visita aos avós. _____

- Tardamos moito en chegar porque viñemos amodo non obstante, esta viaxe adoita levar menos tempo.

Tardamos moito en chegar porque viñemos amodo; non obstante, esta viaxe adoita _____
levar menos tempo. _____

- Hoxe a temperatura variou pouco: pola mañá había seis graos ao mediodía, oito e á noite, cinco.

Hoxe a temperatura variou pouco: pola mañá había seis graos; ao mediodía, oito; _____
e, á noite, cinco. _____

- Coñecíanse desde nenos con todo, había tanto tempo que non se vían que lles custou recoñecerse.

Coñecíanse desde nenos; con todo, había tanto tempo que non se vían que lles _____
custou recoñecerse. _____

2 Explica por que se utilizou mal o punto e coma en cada unha das seguintes oracións.

- A Breixo gústalle correr; nadar e xogar ao fútbol.

Porque é unha enumeración pero non hai comas. _____



- Nós collemos flocos de millo; pero a Mateo non lle apetecían.

Porque non é unha enumeración. _____
